



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Cuberta de fax

Para: PARTIDO DE LOS SOCIALISTAS DE GALICIA-
PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL
(PSdeG-PSOE)
D. Pablo García García

Telf.: 981-55.20.30
Fax: 981-58.87.08
e-mail: organización@socialistasdegalicia.com

Compañía: XUNTA ELECTORAL DE GALICIA


Teléfono: 981-55.13.20/21
Fax: 981-55.14.08

Data: 24 de setembro de 2012

O total de páxinas
inclúe a cuberta: 3


Asunto: remisión acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 24 de setembro de 2012, sobre a denuncia do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE) sobre a asistencia do Presidente da Xunta e candidato do Partido Popular D. Alberto Núñez Feijóo ao acto da firma do contrato suscrito entre PEMEX e as empresas navais Barreras e Navantia para a construción de dous floteis en astaleiros da Comunidade (doc. RE 309/2012).

Saúdos,





XUNTA ELECTORAL DE GALICIA



Destinatario: Representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE).

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 24 de setembro de 2012, sobre a denuncia do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE) sobre a asistencia do Presidente da Xunta e candidato do Partido Popular D. Alberto Núñez Feijóo ao acto da firma do contrato suscrito entre PEMEX e as empresas navais Barreras e Navantia para a construción de dous floteis en astaleiros da Comunidade (doc. RE 309/2012).

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

Antecedentes

1.- Examinada a denuncia formulada por D. Pablo García García, representante xeral da entidade política Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE) sobre a asistencia do Presidente da Xunta e candidato do Partido Popular D. Alberto Núñez Feijóo ao acto da firma do contrato suscrito entre PEMEX e as empresas navais Barreras e Navantia para a construción de dous floteis en astaleiros da Comunidade, a Xunta Electoral de Galicia, acordou dar traslado do escrito da denuncia á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias da Xunta de Galicia, para que emita informe sobre o seu contido, dentro dun prazo que rematou o luns, día 24 de setembro de 2012, ás 10:30 horas.

Tras a oportuna fundamentación, no suplico solicita que se requira á Xunta de Galicia na persoa do seu Presidente para que se absteña da realización de actos prohibidos pola LOREX impedindo os mencionados poderes públicos continúen interferindo no desenvolvemento legal da campaña electoral, requirindo igualmente á Xunta de Galicia a fin de que se proceda de forma inmediata á retirada da noticia (incluído a gravación do acto e o discurso do Presidente), da páxina web da Xunta de Galicia. Así mesmo solicita que a Xunta Electoral acorde a iniciación de expediente sancionador polos feitos recollidos no seu escrito.


2.- Dentro do prazo concedido, a Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias formula as súas alegacións a través da presentación do escrito doc. RE núm. 314/2012, nas que tras fundamentar mediante antecedentes de feito e fundamentos xurídicos a súa posición interesa a desestimación do escrito presentado de adverso.

Fundamento de dereito

O artigo 50.1 da LOREG –en correlación co artigo 25.3 da Lei autonómica 8/85, de 13 de agosto–, ten sido desenvolvido pola instrución 2/2011, do 24 de marzo, sobre interpretación do artigo 50 da LOREX, en relación co obxecto e límites das campañas institucionais e dos actos de inauguración realizados polos poderes públicos en período electoral.



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA



O apartado 4.b da citada resolución entende como campaña institucional permitida aquelas de carácter informativo que resulten imprescindibles para a salvagarda do interese público ou para o correcto desenvolvemento dos servizos públicos.

A asistencia do presidente da Xunta e candidato do Partido Popular D. Alberto Núñez Feijóo ao contrato da firma suscrito entre PEMEX e as empresas navais Barreras e Navantia para a construción de dous froteis en astaleiros da Comunidade constituindo unha infracción do artigo 50 da Lei orgánica de réxime electoral xeral, non dá lugar a procedemento sancionador que se podería iniciar no caso de reiterarse condutas semellantes.

A aplicación do artigo 50 da LOREX ao caso presente leva a estimar parcialmente a solicitude do recorrente,

Acordo

A Xunta Electoral de Galicia, por maioría, acorda:

- 1.º.- Requirir á Xunta de Galicia para que retire a noticia (incluída a gravación do acto e o discurso do presidente) da páxina web da Xunta de Galicia.
- 2.º.- Notificar este acordo ás partes interesadas contra o cal poden formular recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, dentro das vinte e catro horas seguintes ao da súa notificación.


En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 da Lei orgánica 5/85, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, comunícolle que poden, contra el, interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá ser presentado ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 18,00 horas do próximo día 25 de setembro de 2012.

A Coruña, 24 de setembro de 2012

O presidente



Miguel Ángel Cadenas Sobreira



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Cuberta de fax

Para: PARTIDO DE LOS SOCIALISTAS DE GALICIA-
PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL
(PSdeG-PSOE)
D. Pablo García García

Telf.: 981-55.20.30

Fax: 981-58.87.08

e-mail: organización@socialistasdegalicia.com

Compañía: XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Teléfono: 981-55.13.20/21

Fax: 981-55.14.08

Data: 24 de setembro de 2012

O total de páxinas
inclúe a cuberta: 3

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 24 de setembro de 2012, sobre a denuncia do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE) en relación coa noticia dispoñible na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es) sobre a acusación ao alcalde de Lugo de "facer campaña electoral dende a casa de todos os veciños de Lugo" (doc. RE 312/2012).

Saúdos,





XUNTA ELECTORAL DE GALICIA



Destinatario: Representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE).

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 24 de setembro de 2012, sobre a denuncia do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE) en relación coa noticia dispoñible na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es) sobre a acusación ao alcalde de Lugo de "facer campaña electoral dende a casa de todos os veciños de Lugo" (doc. RE 312/2012).



Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

Antecedentes

1.- Examinada a denuncia formulada por D. Pablo García García, representante xeral da entidade política Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE) sobre a denuncia do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE) en relación coa noticia dispoñible na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es) sobre a acusación ao alcalde de Lugo de "facer campaña electoral dende a casa de todos os veciños de Lugo", a Xunta Electoral de Galicia, acordou dar traslado do escrito da denuncia á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias da Xunta de Galicia, para que emita informe sobre o seu contido, dentro dun prazo que rematou o luns, día 24 de setembro de 2012, ás 10,30 horas.

Tras a oportuna fundamentación, no suplico solicita que se requira á Xunta de Galicia na persoa do seu Presidente para que se absteña no sucesivo de utilizar soportes públicos para efectuar declaracións partidistas alleas ao fin de tales soportes, e proceda á inmediata retirada da páxina web da Xunta da noticia á que se fai referencia no corpo do escrito; así mesmo solicita a sanción de tal actuación, co rigor correspondente, e de conformidade coa normativa electoral á que fai referencia.

2.- A Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias formula as súas alegacións a través da presentación do escrito doc. RE núm. 316/2012, nas que fundamenta os motivos que ao seu xuízo considera deben concluír coa total desestimación da denuncia formulada de adverso.


Fundamento de dereito

O artigo 50.1 da LOREG –en correlación co artigo 25.3 da Lei autonómica 8/85, de 13 de agosto–, ten sido desenvolvido pola instrución 2/2011, do 24 de marzo, sobre interpretación do artigo 50 da LOREX, en relación co obxecto e límites das campañas institucionais e dos actos de inauguración realizados polos poderes públicos en período electoral.

O apartado 4.b da citada resolución entende como campaña institucional permitida aquelas de carácter informativo que resulten imprescindibles para a salvagarda do interese público ou para o correcto desenvolvemento dos servizos públicos.



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA



Esta Xunta Electoral, tendo en conta o seu recente acordo do 3 de setembro de 2012, e constituíndo a publicación da noticia dispoñible na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es) sobre a acusación do alcalde de Lugo "facer campaña electoral dende a casa de todos os veciños de Lugo" unha infracción do artigo 50 da LOREX, non dá lugar a procedemento sancionador que se podería iniciar no caso de reiterarse condutas semellantes.

A aplicación deste precepto ao caso presente leva a estimar parcialmente a solicitude do recorrente,

Acordo

A Xunta Electoral de Galicia, por maioría, acorda:

1.º.- Requirir á Xunta de Galicia para que proceda á inmediata retirada da páxina web da Xunta de Galicia da noticia sobre a acusación ao alcalde de Lugo de "facer campaña electoral dende a casa de todos os veciños de Lugo".

2.º.- Notificar este acordo ás partes interesadas contra o cal poden formular recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, dentro das vinte e catro horas seguintes ao da súa notificación.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 da Lei orgánica 5/85, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, comunícolle que poden, contra el, interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá ser presentado ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 18,00 horas do próximo día 25 de setembro de 2012.

A Coruña, 24 de setembro de 2012

O presidente

Miguel Ángel Cadenas Sobreira

